

CEP PLURILINGÜE SANTA TEGRA



FLOW Z

PLAN DE BIBLIOTECA

CURSO 2023-24

DATA APROBACIÓN CLAUSTRO: 30/10/2023

DATA APROBACIÓN CONSELLO ESCOLAR: 30/10/2023

INDICE:

- **1. XUSTIFICACIÓN**
- **2. ANÁLISE DA SITUACIÓN REAL DA BIBLIOTECA E DAS NECESIDADES EN MATERIAS DE FONDOS, EQUIPAMENTO, MOBILIARIO E OUTROS**
 - **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**
- **3. TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PREVISTO**
 - **OBXECTIVOS**
 - **ACTUACIÓN**
- **4. OPTIMIZACIÓN DE ESPAZOS, ORGANIZACIÓN E AUTOMATIZACIÓN DOS FONDOS**
- **5. ACTUACIONES PREVISTAS NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:**
 - A) XESTIÓN TÉCNICA E ORGANIZACIÓN
 - B) FORMACIÓN PARA O USO, TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DA INFORMACIÓN
 - C) FORMACIÓN DE USUARIOS
 - D) PROGRAMAS DE FORMACIÓN PARA A COMPETENCIA INFORMACIONAL E MEDIÁTICA
 - E) PROXECTOS DE CARÁCTER INTERDISCIPLINAR OU OUTROS
 - F) ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LECTURA E A COMPRESIÓN LECTORA EN TODAS AS ÁREAS E MATERIAS
 - G) APOIO AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE LECTURA DO CENTRO (EN MATERIA DE LECTURA, ESCRITURA E HABILIDADES NO USO, TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DA INFORMACIÓN)
 - H) APOIO A OUTROS PROGRAMAS E PROXECTOS DE AULA/CENTRO
 - I) APOIO AO ESTUDO OU OUTRAS ACTIVIDADES DESDE A BIBLIOTECA PARA A COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES SOCIAIS E A CORRECTA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
 - J) ACCIÓNS PARA A INTEGRACIÓN DA CULTURA IMPRESA/CULTURA DIXITAL
 - K) DIFUSIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA
 - L) IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS E COLABORACIÓN CON OUTRAS BIBLIOTECAS

M) DINAMIZACIÓN CULTURAL DO CENTRO EN MATERIA DE LECTURA E A EXTENSIÓN CULTURAL: PRESENTACIÓN DE LIBROS, RECITAIS, LECTURAS PÚBLICAS, EDICIÓNS DE BOLETÍNS INFORMATIVOS,ETC.

N) OUTROS

- **6. HORARIO PREVISTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA**
- **7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES QUE SE TERÁN EN CONTA E INSTRUMENTOS QUE SE VAN UTILIZAR**

1. XUSTIFICACIÓN

O noso centro sitúase no barrio de Teis en Vigo, somos un centro de primaria de unha liña que conta con 100 alumnos e alumnas matriculados. Non contamos con servizo de autobús polo que a maioría do noso alumnado é da contorna. É un barrio obreiro con moitos servizos pero non conta cunha biblioteca, a cal está en proceso de creación.

O noso centro é de tres andares, estando a biblioteca no primeiro, conta con andeis distribuídos en seccións de lectura para os distintos niveis lectores, seccións de poesía, teatro, música e plástica, cómic, medo, ciencia, adultos, valores, revistas e xogos. Ten mesas e cadeiras para a lectura, puffs, zona con ordenador e conexión a internet para xestión e impresora, proxector e pantalla táctil, zona de novidades e revistas. A biblioteca conta coa mascota renovada o curso pasado realizada e elixida en concurso polo alumnado: "FLOW Z".

Somos 13 mestres e mestras, dos cales 12 con destino definitivo e 3 deles son itinerantes. Ao ser un claustro pequeno, participamos activamente nas actividades dos equipos do centro.

O centro ten 50 anos polo que estamos en constante mantemento, actualmente en proceso de adecuación da aula de audiovisuais para realizar actividades para desenvolver competencias comunicativas. O noso centro pretende estar en continua adaptación ás necesidades de carácter formativo, ademais de facer do mesmo un lugar para o lecer, de xeito que o noso alumnado adquira competencias para a ser autónomos na procura de novos aprendizaxes e fomentar o interese por adquirir información fomentando o sentido crítico e tomar decisións. Para elo, precisamos seguir adquirindo materiais e transformar espazos do centro para realizar as actividades que nos propoñemos.

O equipo directivo impulsa o proceso de innovación dixital motivado polo profesorado do centro, adquirindo iPads e empregando diferentes aplicacións que promoven o desenvolvemento das capacidades lingüísticas, as de aprender a aprender, ademais de fomentar a formación das competencias científicas. Para tal fin estamos adecuando os espazos do centro coa colaboración da ANPA para poder desenvolver actividades na renovada aula de Informática, agora aula SEL, tendo así outro espazo a maiores da biblioteca.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN REAL DA BIBLIOTECA E DAS NECESIDADE MÁIS URXENTES EN MATERIAS DE FONDOS, EQUIPAMENTO MOBILIARIO E OUTROS.

- Precisamos continuar adecuando a aula de audiovisuais que está no segundo andar, como espazo axeitado para crear produtos dixitais, adquirindo máis materiais para tal fin.
- Adquirir mobiliario axeitado: mesas, puffs, mobles con rodas para os libros e contos.
- Adquisición de dispositivos electrónicos e aplicacións para realizar actividades de creación de contidos.

A biblioteca tamén precisa:

- Pintado de paredes.
- Actualización de mobiliario.
- Mercar libros para as distintas seccións.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- En relación co funcionamento, xestión e organización:
 - Organizar unha planificación do traballo da biblioteca escolar.
 - Xestionar os fondos: elaborar listados de material para adquirir de xeito coordinado co profesorado e alumnado do centro, rexistrar e catalogar os fondos no programa MEIGA, facer expurgo dos fondos desfasados e en mal estado, preparación dos exemplares, etiquetado e clasificado nas seccións.
 - Coordinar o uso axeitado do espazo e recursos da biblioteca.
 - Adecuar os espazos aos novos usos (aula de audiovisuais).
- En relación coa dinamización:
 - Formar aos usuarios da biblioteca.
 - Promover o uso dos recursos da biblioteca.
 - Colaborar co profesorado no deseño de actividades que promovan a adquisición de competencias relacionadas coa información así como as mediáticas.
 - Desenvolver actividades para o fomento da lectura e da escritura.
 - Desenvolver actividades que desenvolvan os aspectos creativos e plásticos.
 - Implicar ás familias nas actividades levadas a cabo.

- Compensar desigualdades e mellorar as competencias do alumnado con NEE.

3. TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PREVISTO

OBXECTIVO

Deseñar un plan de traballo da biblioteca escolar.

ACTUACIÓNS

- Establecer un horario de traballo do equipo de biblioteca que permita optimizar as accións a desenvolver para acadar os obxectivos propostos.
- Coordinar o uso da biblioteca e aula de audiovisuais polos distintos grupos do centro mediante un horario de asignación de sesións.
- Continuar coa apertura da biblioteca nos recreos e todas as tardes de catro a cinco.
- Planificación coordinada das tarefas previstas.

4. OPTIMIZACIÓN DOS ESPAZOS, ORGANIZACIÓN E AUTOMATIZACIÓN DOS FONDOS

- Mobiliario: mesa de luz, mesas encaixables, andeis, puffs, almacenamento de xogos e libros.
- Cambio do chan, colocar tarima.
- Alfombra de lectura.
- Pizarra dixital.

5. ACTUACIÓNS PREVISTAS NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

A) Xestión técnica e organización

OBXECTIVOS

- Deseñar un plan de traballo da biblioteca escolar.
- Realizar a xestión dos fondos: seleccionar, catalogar, clasificar,..
- Coordinar as actividades a desenvolver.

ACTUACIÓNS

- Mercaranse libros, xogos, aplicacións... axeitadas ás necesidades e actividades previstas, tendo en conta as achegas feitas polo profesorado e alumnado no nosa "caixa de suxestións" da biblioteca.

- Teremos unha partida de 990€ (como o curso pasado) para a realización de obradoiros; para adquirir materiais e novos títulos que mercaremos na Librería “La Guía” do noso barrio e coas editoriais Hércules, Combel, Vicens Vives, coas que tamén temos trato personalizado.
- Catalogaranse os recursos a medida que se vaian adquirindo.
- O equipo de biblioteca realizará as reunións nas tardes dos martes para organizar as tarefas que se van ir desenvolvendo ao longo do curso. Nas horas de dinamización do horario lectivo continuaremos dando soporte ao profesorado e alumnado na actividade de empréstito así como nas actividades de organización (rexistro de exemplares, ordenación da biblioteca, desenvolver actividades de dinamización ...)
- O equipo de biblioteca continuará empregando a aplicación Telegram do grupo xerado para o profesorado como medio para comunicacións, compartir documentos e avisos.

B) Formación para o uso, tratamento e produción de información

OBXECTIVOS

- Seguir formándonos no uso do MEIGA.
- Iniciar a catalogación na nova aplicación KOHA.

ACTUACIÓNS

- Seguir fomando a todos os profesores do colexio nas distintas aplicacións.

C) Formación de usuarios

OBXECTIVO

- Formar aos usuarios no uso da biblioteca.

ACTUACIÓNS

- A comezos de curso, en setembro, a biblioteca fai a formación dos usuarios por cursos. Realizarase un obradoiro con información exposta no pantalla dixital.
- Formarase aos “responsables da biblioteca” para a difusión de novas, actividades e uso da biblioteca.
- Creación de vídeos explicativos do uso da biblioteca que se achegarán no Blog “As cousas de Flow-Z”.

- Ofreceranse a cada titor e titora a través da carpeta de Biblioteca compartida en todos os ordenadores do centro, materiais da biblioteca: marcadores, fichas para rexistro, lectómetros, ...
- Posibilidade de visitar outras bibliotecas.

D) Programas de formación para a competencia informacional e mediática.

OBXECTIVO

- Diseñar actividades para a adquisición de competencias informacionais e mediáticas.

ACTUACIÓNS

- Plan de oralidade, creación de media e tecnoloxía.

A comunicación oral, aínda que ten un alto compoñente de expresión verbal, tamén utiliza elementos de comunicación non verbal. A linguaxe corporal mostra e infire información ao receptor da mensaxe sobre cuestións menos tanxibles pero moi poderosas.

Para iso é necesario desenvolver as coñecidas Soft Skills, onde as habilidades de comunicación, autonomía, xestión emocional e creatividade son elementos que necesitan de situacións de aprendizaxe activa para provocar a súa aparición e consolidación.

Do mesmo xeito, o uso dos medios tecnolóxicos para desenvolver a oralidade teñen que basearse en medios audiovisuais. Elementos que, unicamente usados de forma pasiva polo alumnado, xeran unha aprendizaxe pobre.

É necesario provocar roles activos de creación de produtos audiovisuais por parte do alumnado utilizando diferentes motivos e situacións ricas onde se producen as interaccións sociais necesarias para facer uso dunha linguaxe falada e, en definitiva, da oralidade como forma de aprender.

O noso proxecto é crear no noso centro unha aula multipropósito que se centre no desenvolvemento da capacidade comunicativa, un dos principais eixos das habilidades non cognitivas ou transversais, máis coñecidas como Soft Skills.

Este proxecto de comunicación oral concrétase en:

- A creación dunha zona de gravación audiovisual deseñada de forma que poida usarse tamén como centro de traballo en equipo para desenvolvemento de produtos e zona de preparación de produtos audiovisuais.

As experiencias proxectadas para este espazo utilizan primordialmente:

- Linguaxe audiovisual, que comporta tanto á imaxe como ao son na creación de produtos finais.
- Doutra banda, a linguaxe corporal, esencial na potenciación da autonomía, o auto-concepto e a autoestima.
- E finalmente a linguaxe oral como forma de comunicar a nosa aprendizaxe.

Para o desenvolvemento de todos estes proxectos, é necesario utilizar ao mesmo tempo a tecnoloxía que está xa nas nosas mans e coa que podemos crear produtos finais dixitais con gran sinxeleza e inmediatez.

As posibilidades que nos brinda a tecnoloxía transparente, as dinámicas de aprendizaxe baseadas no traballo por proxectos que ten como fin o deseño e construción de produtos dixitais: vídeos, radio escolar, infografía, etc. E tamén a adecuación das experiencias de aprendizaxe que creamos aos retos que a nosa contorna social bríndanos.

Ademais das outras causas polas que se pode utilizar a “aula de audiovisuais” como poden ser o traballo por equipo en zonas amplas comúns ou a preparación de produtos dixitais en zonas máis illadas do centro, a función primordial será a de crear unha zona de gravación audiovisual, para o que será necesario contar con:

- Unha zona na que podamos utilizar a técnica de gravación Chromakey.
- O uso de lámpadas LED para mellorar a iluminación.
- Varios trípodes para gravación en multiángulo.
- Lateral de parede pintada en cor adecuada para realizar Chromakey, unha técnica que permite modificar dixitalmente a cor de fondo por calquera outra imaxe ou vídeo, simulando calquera época ou lugar que nos imaxinemos.

As temáticas, por conseguinte, serán todas aquelas que nos permita a nosa imaxinación, calquera lugar do mundo e calquera época que podemos simular directamente para desenvolver a creatividade, a linguaxe e o coñecemento.

E) Proxectos de carácter interdisciplinar ou outros.

A biblioteca participa no desenvolvemento dos proxectos que se levan a cabo no centro, seleccionando distintos recursos.

Nas áreas de ciencias naturais e sociais para ampliar e reforzar coñecementos.

En colaboración cos distintos equipos, sobre todo co equipo de Normalización Lingüística na elaboración de diferentes proxectos e conmemoracións.

F) Actividades para o fomento da lectura e a comprensión lectora en todas as áreas e materias.

Dende a biblioteca se facilitan materiais para as aulas para as actividades de lectura, propoñendo ou atendendo a peticións dos mestres e mestras.

G) Apoio ao desenvolvemento do Plan de lectura do centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

OBXECTIVO

- Desenvolver actividades para o fomento da lectura, comprensión lectora e escritura.
- Compensar desigualdades e mellora das competencias do alumnado con NEE

ACTUACIÓNS

- “Os libros que máis molan”, o alumnado comparte os libros que máis lle gustaron facendo recomendacións no Nadal e no Verán.
- Xogos en familia.
- Samaín.
- Día da Poesía
- “No recreo tamén se le”.
- Día do libro.
- Xogos de mesa.
- Contacontos.
- Día de Rosalía.

H) Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro.

A biblioteca do centro colabora co resto dos equipos nas distintas actividades que se levan a cabo en relación coa formación, coa información así como nas actividades desenvolvidas dende o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística, o Equipo de Actividades Complementarias e extraescolares e os distintos Proxectos que se levan a cabo no noso centro.

I) Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade.

Dende a biblioteca potenciarase o acceso a espazos equipamentos, e fondos do alumnado con NEE do centro, facendo selección de materiais axeitados no noso fondo como na adquisición de novos títulos que ademais favorezan a sensibilización por parte de todo o alumnado. Recibiuse unha partida de inclusión onde mercamos diferentes tipos de libros con esta temática.

A biblioteca tamén ten en conta as necesidades de carácter social polo que se contempla a apertura en horario de tarde para os que precisen do espazo para a realización de tarefas de busca de información ou lecer.

J) Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital. Multialfabetismos.

O centro aposta pola adquisición de dispositivos para o noso alumnado. As familias que poden contribúen dotando aos seus fillos con dispositivos e o propio centro e a ANPA adquiriron dispositivos para empréstito. A biblioteca e todo o centro ten unha rede de dispositivos WIFI para o acceso a internet. Isto facilita a formación individualizada no emprego e alfabetización informacional, tecnolóxica e audiovisual.

K) Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.

As novas adquisicións expóranse no mostrador de NOVIDADES do interior da biblioteca. No Blog da biblioteca está o enlace á páxina OPAC MEIGA onde se poden consultar os fondos rexistrados da biblioteca, ademais de ir facendo achegas dos recursos e novidades.

L) Implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas.

As familias darán apoio na actividade dos contacontos na Semana do Libro, na Semana da Poesía, ademais de participar de xeito voluntario en outras actividades para o alumnado. Tamén colaboran facendo doazóns de libros, revistas e xogos en bo estado.

M) Dinamización cultural do centro en materia de lectura e a extensión cultural: presentación de libros, recitais, lecturas públicas, edicións de boletín informativos etc.

Actividade coa EEI A Guía no Día de Rosalía na exposición da poesía.

Actividade “Os libros que máis molan” para as recomendacións de verán.

N) Outros.

Todos os anos o claustro decide participar en actividades de formación. Este curso estamos pendentes de solicitar o PFPP do Plan Dixital por segundo ano consecutivo.

6. HORARIO PREVISTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA (RESPONSABLE E INTEGRANTES DO EQUIPO DE APOIO)

O profesorado que compón o equipo de biblioteca é o seguinte:

- ✓ Elena Cobas Mínguez, mestra de E. Física e Lingua Extranxeira
- ✓ M^a Ginesa Mañas Perdiz , Coordinadora da biblioteca e mestra de P.T.
- ✓ María Rodríguez Otero, secretaria do centro e mestra titora de 6º.

O equipo de biblioteca coordínase cos outros equipos para a proposta e organización das actividades. O profesorado participa activamente na realización de actividades colaborando e facendo propostas.

Sesións	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1 ^a	Elena (dinamización)				
2 ^a					
3 ^a					
RECREO					
4 ^a		Ginesa (Coordinación) María (Dinamización)			
5 ^a		Ginesa (Coordinación)			

No recreo e polas tardes a biblioteca tamén estará aberta.

Durante os recreos as gardas se levarán a cabo polo profesorado do equipo de biblioteca preferentemente.

Polas tardes as gardas se farán polo profesorado do centro en quendas mensuais.

7. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES QUE SE TERÁN EN CONTA E INSTRUMENTOS QUE SE VAN UTILIZAR

A finais do terceiro trimestre farase unha valoración do traballo realizado e do logro dos obxectivos propostos, facendo enquisas para profesorado e alumnado.

A valoración contempla os seguintes ítems: A (acadado), P (en proceso), N (non acadado).

OBXECTIVOS	INDICADORES	VALORACIÓN
Deseñar o Plan de traballo da biblioteca	Elaborouse un horario de traballo	
	Repartíronse tarefas	
	Elaborouse un horario de biblioteca	
	Abriuse no recreo	
	Abriuse polas tardes	
Realizar o tratamento técnico e xestionar os fondos	Catalogáronse a maioría dos fondos mercados	
	Catalogáronse a maioría dos fondos das bibliotecas de aula	
	Mercáronse novos fondos	
	Fíxose expurgo dos fondos desfasados e en mal estado	
Promover os recursos da biblioteca	Fíxose uso do Blog “As cousas de FLOW Z” para promover os recursos da biblioteca	
Formación de usuarios	Realizouse a formación inicial do alumnado.	
	Houbo contacto con outras bibliotecas	
	Actualizáronse os recursos a disposición do profesorado e alumnado en relación á formación no uso da biblioteca.	
	Usáronse os dispositivos na realización de actividades	

Deseñar actividades para a adquisición de competencias informacionais e mediáticas	Empregáronse aplicacións para actividades da biblioteca	
Desenvolver actividades para o fomento da lectura e da escritura	Deseñáronse actividades de fomento da lectura e escritura	
	Propuxéronse actividades para fomentar a creatividade	
Implicar ás familias nas actividades desenvolvidas	Propuxéronse as familias actividades de carácter voluntario para participar na biblioteca	
Contribuir á compensación das desigualdades sociais e mellora das competencias do alumnado NEE	Horario da tarde da biblioteca para compensar desigualdades sociais	
	Selección, adquisición e adaptación de materiais para alumnado con NEE	